


Nadal na casa? Que mellor compañía que un libro!!!



Arredor de si. Ramón Otero Pedrayo.

Libro de reflexión sobre a importancia do grupo NOS neste ano en que se cumpre o seu centenario (1920-2020). Moi persoal. Identifica claramente unha época da nosa literatura e do pensamento galeguista


+ Info 



Mensagem. Fernando Pessoa.

É un dos libros poéticos máis influíntes de Fernando Pessoa. Trátase de poesía vangardista do mellor que se pode atopar en toda Europa a principios do século XX. En portugués. Perfectamente comprensíbel


+ Info 



O que lle aconteceu a Barnaby Rickett. John Boyne.

Un neno que flota e uns pais que non aturan o que saia da súa normalidade. Barnaby coñecerá a outros personaxes que non encaixan co estándar social e vivirá emocionantes aventuras. Un libro sobre o valor da diversidade.


+ Info 



Morning Star. Xosé Miranda

Libro de aventuras no que aparecen personaxes recoñecibles da nosa historia, principalmemnte piratas. Ambientada en espazos reais das rías de Bueu e Pontevedra


+ Info 



The Curious incident of the Dog in the Night-Time. Mark Haddon.

Unha bonita historia protagonizada por un rapaz de 15 anos con síndrome de Asperger e cunhas cualidades moi especiais, que atopa morto no xardin ao can do seu veciño. A novela conta a terrible xornada do rapaz que cambia totalmente o seu mundo (Nivel: A2 – B1)..

+ Info 




O neno do pixama a raias. John Boyne.

A pedimento do autor, non podemos contarche o miolo deste libro. Porén, queremos avisarche de que lerás a historia dun neno de 9 anos, que se atopará cun aramado.

+ Info 



Nadal na casa? Que mellor compañía que un libro!!!



O papiro do César. Goscinny/Uderzo/Ferry/Conrad.

Recentemente véñense revitalizando as historia dos resistentes da Galia contra os tolos romanos. Nesta entrega Astérix e Obélix enfrontaranse a un novo inimigo: Promoplús. Entretemento e risos asegurados.

+ Info 



Xa non estou aquí. Iria Misa.

Ánxela desaparece sen explicación e todos se ven afectados e están implicados dun xeito ou doutro. Novela de intriga e tensión que nos achega ao mundo adolescente no instituto, ás dificultades nas relacións da mocidade, ao achegamento ás drogas e ao risco polo pracer de transgredir.

+ Info 



Xenaro e o misterio da mochila verde. Mar Guerra.

Premio Merlín de literatuta infantil 2008. A partir de 11 anos. "Thriller psicolóxico" que desenvolve unha historia cotián de rapaces e rapazas dun centro escolar


+ Info 



A balada dos unicornios. Leticia Costa

Na Escola de Artefactos e Oficios os grandes xenios fan os inventos máis increíbeis. Ágata McLeod terá que lidar co mundo dos unicornios e o dos corvos nunha loita na que mesmo aparecerá Jack o destripador. Fantasía, ciencia e historia mesturados nunha aventura trepidante.

+ Info 



As bruxas. Roald Dahl/Quentin Blake.

As Bruxas de Roald Dahl narra a historia dun rapaz e maila súa avoa que se enfrontan á terrible Asociación de Bruxas de Inglaterra, mentres estas, baixo a aparencia de mulleres correntes celebran a súa convención anual nun hotel...

+ Info 



Cartas de inverno. Novela gráfica. A. Seijas/ Agustín Fdez Paz.

Á volta da súa viaxe Xabier Louzao atópase coas cartas que o seu amigo Adrián lle escribira durante a súa ausencia. Unhas cartas que descubren os estraños sucesos que está a vivir Adrián na súa nova casa e que levan a Xabier a acudir na súa axuda

+ Info 



Nadal na casa? Que mellor compañía que un libro!!!



Largo pétalo de mar. Isabel Allende.

Interesante historia sobre o exilio dos españois trala guerra civil, a solidariedade do pobo chileno e do poeta Neruda, a amizade e o amor. Excelente lectura para lectores a partires dos 15 anos


+ Info 



1598. La peste en Vigo. Antonio Giráldez.

Vigo. Distanz;ciaamento social, peche de mercados para evitar aglomeracións, confinamentos... Parece o ano 2020 pero non, falamos do ano 1598 e a peste negra.

+ Info 



Fax from Sarajevo. Joe Kubert.

Emotivo, directo, atenezador. É a obra mestra de Joe Kubert. Historia real coa guerra de Bosnia de fondo. Lectura obrigatoria para amantes do comic.

+ Info 



Nosotras. Historias de mujeres y algo más.

Rosa Montero.

Historias de mulleres que cambiaron o mundo destruíndo estereotipos. Libro para todos e todas. Porque o feminismo non é só cousa de mulleres.


+ Info 



MAFALDA. Quino.

Perspicaaz, contestataria, inconformista... Nada en 1964 pero con total vixencia hoxe en día. ¿Que mellor homenaxe a Quino se lle pode facer que ler ou reler as súas tiras de Mafalda?.

+ Info 



La vida contada por un sapiens a un neandertal.

J. José Millás. J. Luis Arsuaga.

As nosas orixes e o misterio da vida. Selección natural, autodomesticación do homo sapiens, a condición social da nosa especie, a arte rupestre...

+ Info 

